



INSTRUCCIÓN XERAIS DO IES LAMAS DE ABADE

As normas do Centro están recollidas no NOF, cabe recalcar os seguintes aspectos co alumnado.

- 1) Respecto a toda a comunidade educativa(persoal docente, persoal non docente e alumnado)
- 2) Respecto ao material escolar e mobiliario do Centro
- 3) O alumnado é responsable dos desperfectos que poida ocasionar

Recollido na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación educativa, artigo 13

“O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e os bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación”

- 4) Puntualidade na entrada e saída do Centro
- 5) Á entrada irá directamente á aula que lle corresponda e sentará no seu pupitre
- 6) Non correr polas escaleiras e corredores
- 7) Os cambios de aula faranse o máis rápido posible e en silencio para non molestar aos demais.
- 8) A vestimenta será axeitada a un Centro escolar, Non podendo manter postas gorras, capuchas, etc na aula, agás motivos debidamente xustificados.

Recollido no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, artigo 19.3

“Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas”



- 9) Está prohibido o uso de móbiles en horario lectivo agás por motivos educativos dirixidos polo profesorado.

Recollido no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, artigo 19.4

“Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica”

- 10) O incumprimento desta normativa suporá a retirada do móbil ata que un dos proxenitores ou titores legais pasen persoalmente a recollelo se o alumnado é menor de idade; Se o alumnado é maior de idade, entregáraselle ao interesado ao final da xornada lectiva.

Recollido na Lei 4/2011 de 30 de xuño, artigo 11.3

“O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder”

- 11) O alumnado menor de idade non pode saír do recinto do Centro durante os recreos
- 12) Está prohibido fumar dentro do recinto escolar
- 13) Non se pode comer ou beber nas aulas nin na biblioteca.



- 14) O lixo debe tirarse nas papeleiras para manter o espazo limpo, tanto nas aulas como nos corredores e patio.
- 15) No caso de ter que solucionar algún atranco, o alumnado debe acudir en primeiro lugar á persoa titora que servirá de canle, de ser necesario, con orientación, dirección, etc.
- 16) Estas normas deben de ser recordadas polos titores de cada grupo no primeiro día de clase.